

NÚMERO 2/19
ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2019.

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día dezasete de xaneiro de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión extraordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. María Pardo Fafián, D^a. María del Carmen Pose Varela, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Escusou a súa ausencia o concelleiro D. Alberto Manuel García Cotel; non asiste, sen escusar a súa ausencia, D. Ramón Rodríguez Ares.-

Aberta a sesión, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.-

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior nº 1/2019, de 10 de xaneiro de 2019.-

2º.- Conta Xeral do Presupuesto do exercicio 2017.-

O sr. Alcalde somete ao Pleno a proposta de aprobación da Conta Xeral do exercicio 2017 e de desestimación das alegacións presentadas polo veciño D. Argimiro Casco Lago durante o período de exposición ao público mediante anuncio no BOP de A Coruña nº 230 de data 3-12-2018; proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en reunión de 14 de xaneiro en curso, visto o informe da Intervención municipal de referencia JPB006/2019, do 9-1-2019.-

Aberto o debate, maniféstanse a favor do ditame os grupos BNG, PDSP e PSOE. Polo grupo PP intervéñe o sr. Anido manifestándose en contra, non da Conta Xeral que segundo afirma é un documento técnico que reflicte uns datos obxectivos, senón de avalar cos seus votos unha xestión municipal que considera nefasta, polo que anuncia a abstención do seu grupo.-

O sr. Alcalde-Presidente somete a votación o asunto, resultando aprobado por maioría, con nove votos a favor dos grupos Sadamaioría, PSOE, PDSP e BNG e seis abstencións do grupo PP, o seguinte acordo:

1º.- Inadmitir as alegacións presentadas por Argimiro Casco Lago (registro de entrada 127/2019) en base aos informes contidos no expediente.-

2º.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Sada correspondente ao exercicio 2017.-

3º.- Renderlle a Conta ao Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, unha vez aprobada, conforme ao establecido no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.-

E non habendo outros asuntos que tratar, sendo as vinte horas e vinte e sete minutos do día ao comezo indicado, o sr. Presidente levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da sede electrónica do Concello pódese acceder ao arquivo autenticado coa sinatura dixital desta Secretaría, que contén a gravación de imaxe e son desta sesión coas distintas intervencións dos participantes:

Url: https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html